

26/2019. ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 19 NOVEMBRO DE 2019.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Mugaros, sendo as nove horas e tres minutos do día dezanove de novembro do ano dous mil dezanove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia da alcaldesa-presidenta Dna. Maria del Pilar Díaz Otero, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, D. Genaro Prieto Iglesias, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado e D. Argemino Varela Filgueiras. Asiste tamén a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 30.10.2019 (24/2019).

Sra. Alcaldesa: O primeiro punto da orde do día sería a aprobación da acta da sesión ordinaria realizada o día 30 de outubro de 2019. Algo entorno á acta? Sometémola a votación entón, votos a favor.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 30.10.2019 (24/2019).

2.- ACORDO EXTRAJUDICIAL ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, OS CONCELLOS DE ARES, FENE E MUGARDOS E DEPURADORA DE ARES S.A.

Tras deliberación, sométese a votación o asunto, e o Pleno da Corporación, tendo en conta o Ditame favorable da Comisión de Obras, Servizos e Medio Ambiente, así como o informe do Secretario de data 11.11.2019, obrante no expediente, e co cambio sinalado no punto 8 da parte expositiva, por oito votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e cinco abstencións (5 PP) acorda:

1.- Prestar aprobación do Acordo Extrajudicial entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, os concellos de Ares, Fene e Mugaros e Depuradora de Ares, S.A, co texto do punto 8 modificado, que obra no expediente.

2.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta para que, en representación do Concello, proceda a sinatura do presente acordo e de cantos documentos sexan necesarios para a súa execución.

DELIBERACIÓN

Sra. Alcaldesa: Pasamos ao seguinte punto da orde do día, que sería o Acordo Extraxudicial entre a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, os concellos de Ares, Fene e Mugardos e Depuradora de Ares, S.A.

Bueno, antes de sometelo a votación, tal e como recolle o expediente, dicir que hai unha modificación a petición de un dos concellos, no artigo 8, creo que era, non? Exactamente, no artigo 8, onde a redacción que aparecía no texto sometido na Comisión Informativa e.... refería a que o 6 de xuño de 2019 o Xulgado Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela ordenou o emprazamento aos concellos de Ares, Fene e Mugardos como demandados no procedemento, e se cambiaría como interesados no procedemento, esa é a modificación que se efectúa por parte de Augas de Galicia, a petición do Concello de Fene. E.. dito isto abrimos un turno de intervencións, Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, bos días sra. Alcaldesa, srs. Concelleiros, Veciños, bueno nós fixemos unha reserva de voto na... na Comisión e hoxe, bueno, vámonos abster neste convenio..., ou acordo extraxudicial, perdón, posto que revisada a documentación do expediente non atopamos informe de Intervención referente a... a este tema, non sabemos se afecta á estabilidade municipal, non sabemos se ten algo este..., non sabemos se están cuantificados os bombeos, non sabemos se isto pode ter efectos económicos, entón, si sabemos que por parte de outros concellos consta informe de Intervención, non sabemos porque en este concello non consta este informe de Intervención no.... no expediente, e... polo tanto, nós ímonos abster.

Sra. Alcaldesa: Veña, abrimos un segundo turno de intervencións. E... José Angel.

Sr. Martínez Bardanca: (Que traducido di) Si, pois nós na mesma liña que comenta o PP, entendemos que debería vir acompañado de un informe de Intervención, e... tampouco temos moi claro eses porcentaxes, o cálculo, como se realizaron, sobre todo no tema da factura eléctrica, non sabemos se efectivamente esta factura eléctrica pois vai a repercutir, e... solo a Mugardos e como se vai facer a división, porque é unha única factura, non sabemos se isto se pode dividir, entón gustaríanos que ese tipo de información que viñese informado tamén a través da Intervención, e queremos saber tamén se este é un documento xa, que está cerrado, ou despois se vai a continuar traballando en... en, digamos que en axustar un pouco, porque estes porcentaxes parece que están como tomados un pouco a... así a man alzada, non sabemos se isto despois se vai a facer de unha maneira máis.... máis específica.

Sra. Alcaldesa: (Que traducido di) Bueno, ben, antes de sometelo a Intervención e ao segundo turno da orde do día, dicir que a proposta de acordo extraxudicial está informada polo Secretario da Corporación, igual que no resto de concellos, en todo caso, nós entendemos que este acordo extraxudicial é beneficioso, tanto para o Concello de Mugardos, para o de Fene como para o de Ares, porque iso implica que Augas de Galicia asume o coste do mantemento do bombeo de As Cagallas, que non estaba recollido no prego efectuado no seu momento, na

licitación ata o 1 de xaneiro de 2020, polo tanto, que saca unha carga económica moi importante para ámbolos tres concellos, cifrado en máis de 1.000.000 €, e que a partir do 1 de xaneiro será sufragado, en canto ao mantemento, polos concellos de Mugar dos, Ares e Fene, e en canto ao coste eléctrico, polos concellos de Fene e Mugar dos, que son os dous concellos que verten nos porcentaxes recollidos aquí. Cando se aprobou a taxa houbo xa unha estimación do coste dos bombeos, tamén do de As Cagallas, e polo tanto, a partir de aí, eses son os datos económicos, o que significa que no orzamento do ano 2020 é obvio que, haberá que incrementar o orzamento municipal, porque hai que pagar este bombeo que non estaba recollido ata agora nos orzamentos municipais de ningún dos tres concellos.

Abrimos un 2º turno. E... Miguel

Sr. Mahía Prados: Si, e... bueno, vostede mesma acaba de dicir agora mesmo que se vai incrementar o orzamento, entón, bueno, é unha modificación, ou sexa, afecta ao tema económico, non pode ser de outra forma, logo fai falla o informe de Intervención como teñen noutros concellos, nós non estamos dicindo que non hai informe de Secretaría, sabemos que o hai, pero tamén falta o informe de Intervención, e un apunte Sra. Díaz, vostede di: “nós entendemos,” quen ten que entendelo son os habilitados nacionais, son os interventores e os secretarios os que fan os informes, non me serve que vostede o entenda, ten que entendelo a Intervención do Concello, e polo tanto nós, recalco, falta o informe de Intervención neste... neste expediente, nós non estamos en contra deste expediente, por iso nos imos a abster, cremos que é algo que hai que aprobar, pero non consta o informe de Intervención. Nada máis.

Sra. Alcaldesa: (Que traducido di) Non se preocupe, emitirao, seguro que coas novas instrucións, emitirao. Bueno, dito isto, sometémolo a votación, o acordo extraxudicial, votos a favor, en contra e abstencións.

3.- DAR CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN DOS REPAROS E DO RESUMO DAS PRINCIPAIS ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS. EJERCICIO 2018.

Sra. Alcaldesa: Ben, pasamos ao seguinte punto da orde do día, que sería dar conta dos informes da Intervención dos reparos e do resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Exercicio 2018.

O Pleno da Corporación dáse por informado dos informes da Intervención dos reparos e do resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos formulados no exercicio do 2018.

Sra. Alcaldesa: Abrimos un turno de intervencións, e... Miguel.

Sr. Mahía Prados: Si, e... aos que fago mención en todos os Plenos, eu agradézolle que traía os do 2018, porque xa os temos, que veñen coa Conta Xeral, pero os que hai que traer son mensualmente os reparos que se van facendo de forma mensual, neste caso do ano 2019, non do 2018.

Sra. Alcaldesa: E... ben, o remito ao contido das bases de execución do orzamento, que marca cando teñen que vir os reparos.

Sr. Mahía Prados: E eu a remito a Lei Estatal, que di cando teñen que vir os reparos, que está por encima das bases do orzamento.

Sra. Alcaldesa: Pois faremos unha consulta específica á interventora, sobre se teñen que vir ao mes ou se teñen que remitir ás bases de execución do orzamento, informe que lle será remitido durante esta semana. Algo máis en torno a esta cuestión? Pois se levanta a sesión.

E non tendo máis asuntos para tratar, e sendo as nove horas e dez minutos do día ó comezo sinalado, pola Sra. Alcaldesa-Presidenta levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
A ALCALDESA,